

Canón do Carballido intermedio

O Barranco diferente a todos os da zona. De traballo continuo de resaltes, tobogáns rápeles. Escondido entre a vexetación, con paredes verdes cheas de musgo ,formado por cuarcita cor laranxa e esquistos pizarrosos, sempre con caudal, atención en algún destrepe con caudal alto. De imposible realización sen acceder por Coiteladas ou Carballido Superior.

Aproximación en coche.

Dende Fogoso do Courel, subida dirección Noroeste, tomando este punto como **km 0** o camiño ascendente dirección Colexio Público de Folgoso do Courel, continuar en ascenso hasta curva pronunciada dirección dereita e seguir camiño dirección **Monte Pía Paxaro** hasta **km 2,5** en onde se aparcará o coche nas proximidades da curva pronunciada a esquerda. Ese punto será o punto equilibrado para ter un cómodo retorno dende os barrancos da zona.

Acceso .

Entrada solo é viable a través dos canóns das Coitelas ou do Carballido Superior, ver accesos de estes.

Descenso.

Estreito, sen escape algún entre dúas paredes verticais, con 4 dificultades claras para corda e de uns 400 mts de progresión sen aburrimiento. De curvas continuas e sempre descendendo cota, sen case tramos de andaina. Esteticamente, sorprendente, si entra o sol, os aportes de auga que pinga polos laterais debuxarán arcos da vella en algún tramo.

A saída situase na marxe dereita, unha vez superada o último tobogán, recórrense uns 50 mts, nos que apreciaremos un vertical e pequeno **afluente pola esquerda** (fixarse que é pequeno), entonces, a **marxe dereita** apreciase pequena senda que sube a unha **Cova**, e que continua ben marcada a media ladeira átao punto onde deixamos o coche. Si se continua por o río, 30 minutos mais sen dificultades, podemos saír a man esquerda polo escape do Canón das Feienteiras, e chegar ata Folgoso, pero non se plánteo necesario si se deixou o coche no punto establecido clásico.

Materiais:

Neopreno completo / 2 cordas de 25 m / bagas de anclaxe / descendedor.
Descenso equipado con anclaxes químicos e parabolts con Fixe2

Tempos:

Aproximación desde Folgoso en coche 5 min.
Descenso 2 horas + tempos de Canón das Coiteladas ou Carballido Intermedio.
Escape final 25 min. Necesario solo coche.